

PLAN LECTOR DE CENTRO

[Aprobado en reunión da CCP de 8/3/2016]

1. INTRODUCCIÓN

2. MARCO NORMATIVO

3. OBXECTIVOS XERAIS

4. ACTUACIÓNS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1. FOMENTAR O HÁBITO LECTOR MEDIANTE A INTEGRACIÓN DE TODAS AS ACTUACIÓNS REFERIDAS Á LECTURA DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS E DA BIBLIOTECA

4.1.1. Dende os Departamentos

4.1.2. Dende a Biblioteca

4.2. FAVORECER A COMPRENSIÓN LECTORA E A EXPRESIÓN ESCRITA

4.3. EDUCAR NO USO CRÍTICO E AUTÓNOMO DA INFORMACIÓN

4.4. INCORPORAR E UTILIZAR A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO UN RECURSO IMPRESCINDIBLE E UN FACTOR DE COMPENSACIÓN SOCIAL

5. AVALIACIÓN

6. CADROS DE PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS

1. INTRODUCCIÓN

A nosa comunidade educativa considera a lectura como unha actividade prioritaria no proceso educativo, por ser o instrumento no que se apoian as demais aprendizaxes e por favorecer a formación integral do alumnado. Por tanto, a creación de hábitos de lectura dende o comezo da Educación Secundaria Obrigatoria debe ser o obxectivo fundamental do noso Plan Lector.

Este Plan Lector entenderémolo como un conxunto de medidas encamiñadas a que o alumnado do centro desenvolva dun xeito progresivo a competencia lectora na súa totalidade.

Partimos da idea de que todos os profesores e profesoras do centro son animadores á lectura e pretendemos que a nosa comunidade educativa se converta nunha comunidade de lectores.

2. MARCO NORMATIVO

A lexislación actual recolle a importancia da lectura nos seguintes termos.

Instrucións do 1 de setembro 2015, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2015/2016, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, BOE, 106, 4 de maio de 2006¹. Artigo 125.

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, que regula as ensinanzas de educación secundaria en Galicia, DOG 136, 13 de xullo de 2007².

Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG de 23 de xullo de 2008³. Artigo 10.4.

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG 124, 27 de xuño de 2008⁴. Art. 14.1.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG 120, 29 de xuño de 2015⁵.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Catro son os obxectivos que de forma xeral pretende abarcar este Plan Lector:

1. Fomentar o hábito lector mediante a integración de todas as actuacións referidas á lectura dos distintos departamentos didácticos e da biblioteca.
2. Favorecer a comprensión lectora e a expresión escrita.
3. Educar no uso crítico e autónomo da información.
4. Incorporar e utilizar a Biblioteca Escolar como un recurso imprescindible e un factor de compensación social.

1. <https://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf>

2. https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/CURRICULO_SECUND_DOG.pdf

3. http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2009/06/23/20080623_curriculo_bacharelato_0.pdf

4. http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080627/Anuncio2A332_gl.html

5. [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html)

[0002_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html)http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html

4. ACTUACIÓNS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1. FOMENTAR O HÁBITO LECTOR MEDIANTE A INTEGRACIÓN DE TODAS AS ACTUACIÓNS REFERIDAS Á LECTURA DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS E DA BIBLIOTECA

4.1.1. Dende os Departamentos

- Incorporar ás programacións didácticas o proxecto *Hora de ler*, que suporá o compromiso de integrar a lectura e a comprensión lectora na práctica docente.
- Seleccionar para o proxecto *Hora de ler* unha relación de lecturas recomendadas ou obrigatorias con indicación dos cursos aos que van destinadas. Esa relación de lecturas formará parte do Plan Anual de Lectura.
- Crear dinámicas de cooperación que permitan axilizar a comunicación entre a Biblioteca e os Departamentos, como o envío a principio de curso e en soporte dixital dunha separata que recolla as lecturas obrigatorias e recomendadas de cada Departamento, distribuídas por cursos, para que poidan ser publicadas na web do centro, no blog da Biblioteca e en cada sección departamental da Biblioteca.
- Crear dinámicas de coordinación e cooperación entre os Departamentos dentro da Comisión de Coordinación Pedagóxica coa finalidade de establecer unha planificación axeitada das lecturas do alumnado.
- No proxecto *Hora de ler* fomentar que o alumnado elixa as súas propias lecturas, buscándoas na biblioteca, co fin de espertar neles o coñecemento dos libros e o pracer dunha lectura que responda aos seus intereses.
- Fomentar unha lectura nun senso amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para estar informado, para resolver un problema, para investigar e elaborar un traballo, pero tamén a lectura como divertimento.
- Axudar a crear espazos de lectura individual e silenciosa, pero tamén espazos de lectura compartida.

4.1.2. Dende a Biblioteca

- Elaborar ao comezo de cada curso escolar un Plan Anual de lectura, ordenado por materias e cursos, onde se recollan as propostas de lectura dos departamentos didácticos e todas as actuacións referidas á animación á lectura da biblioteca.
- Itinerarios lectores. Crear na biblioteca unha sección de libros baixo a epígrafe *Hora de ler*, que conte cun índice de libros recomendados, ordenado por materias e cursos, e na que se atoparán algúns dos libros suxeridos polos departamentos para o Plan Anual de lectura.
- Crear na biblioteca ou nun espazo anexo un lugar para compartir lecturas públicas.
- Potenciar o proxecto *Hora de ler*, favorecendo que as horas de garda se convertan en horas de ler (sempre que non exista unha indicación concreta do profesor ausente) mediante o uso dos libros da sección da biblioteca *Hora de ler*, a creación dunha biblioteca de aula ou a creación dunhas BIBLIOcarpetas que conteñan textos e actividades de todo tipo ordenadas por cursos e que se atoparán na mesma sección da biblioteca.
- Club de lectura. Pretende promover a participación dun grupo máis ben pequeno de alumnos e alumnas para compartir experiencias lectoras, coa mediación dun profesor ou profesora que conduza todo o proceso.
- Celebración de datas sinaladas: fomentar a lectura compartida ou individual de textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos, argumentativos... referidos ao Día das Letras Galegas, ao Día do Libro ou á Semana da Prensa.

- Concursos literarios ou doutro tipo organizados polo equipo de dinamización da biblioteca con premios para os gañadores: concurso de micropoemas ou microrrelatos, concurso de fotografía con texto, certame de lectura en voz alta ou de lectura dramatizada...
- Actividades de manexo de fondos e de formación de usuarios: mochilas viaxeiras, exposicións arredor de temas concretos que impliquen a mobilización do fondo documental da biblioteca e a súa consulta por parte dos usuarios, etc.
- Creación progresiva de bibliotecas de aula. Consideraranse seccións da biblioteca do centro e servirán de apoio ao Plan Lector.
- Crear e difundir o uso dunha Axenda de Lecturas entre os usuarios da Biblioteca.
- Elaborar un xornal ou revista con achegas de toda a comunidade educativa e no que impliquemos un grupo de alumnos/as cos membros do equipo da biblioteca.
- Elaboración de carteis e presentacións en soporte dixital para anunciar as novas da nosa biblioteca e as últimas adquisicións literarias.
- Organización de visitas para as distintas etapas educativas de escritores, ilustradores, animadores culturais, contacontos, actores, etc.
- Exposicións conmemorativas acompañadas de recensións de alumnos/as.

4.2. FAVORECER A COMPRENSIÓN LECTORA E A EXPRESIÓN ESCRITA

- Incorporar ás programacións didácticas dentro do proxecto *Hora de ler* o compromiso de integrar actividades de expresión oral e escrita e de comprensión lectora na práctica docente.
- Elaboración por parte dos Departamentos dun grupo de actividades que favorezan a comprensión lectora e a expresión escrita, e que incorporaremos ás actividades para desenvolver dentro do proxecto *Hora de ler*.
- Considerar prioritaria dentro do proxecto *Hora de ler* a comprensión de textos lidos ou escoitados, en calquera formato, mediante estratexias aplicadas a este fin como identificar as ideas principais e secundarias, a estrutura do texto, a intención.
- Producir textos coherentes e ben estruturados en todas as materias, usando as normas básicas de ortografía e expresión.
- Traballar con distintos tipos de textos: narracións, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografías, pintura, gráficos, textos informativos, esquemas, publicidade, xornais...
- Integrar as TIC nas prácticas de lectura comprensiva e de escritura, como medio de buscar novos recursos para lograr os obxectivos propostos.
- Proxecto de investigación sobre algún aniversario relevante que se conmemore durante o curso escolar correspondente.
- Realizar coloquios, foros, debates...

4.3. EDUCAR NO USO CRÍTICO E AUTÓNOMO DA INFORMACIÓN

- Fomentar a análise crítica de textos xornalísticos, mediante o uso da prensa impresa ou dixital na aula.
- Elaborar actividades nas distintas materias (cuestionarios, traballos temáticos en soporte dixital que recollan as fontes usadas na súa elaboración, presentacións con ilustracións sobre distintos contidos das materias...) que impliquen a consulta das diferentes fontes informativas como enciclopedias, dicionarios, libros informativos ou a internet.

- Diseñar actividades para traballar as estratexias de busca e tratamento da información na internet (emprego de buscadores, uso do catálogo informatizado da biblioteca ou OPAC, a elección máis axeitada de acordo cos obxectivos da busca, cita de fontes consultadas na rede segundo a normativa...).
- Organizar unha breve bibliografía con libros de consulta da biblioteca sobre un determinado tema relacionado co currículo educativo.

4.4. INCORPORAR E UTILIZAR A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO UN RECURSO IMPRESCINDIBLE E UN FACTOR DE COMPENSACIÓN SOCIAL

- Potenciar o uso da Biblioteca como espazo didáctico.
- Elaborar un folleto informativo que recolla unhas orientacións básicas sobre os medios dixitais (como facer buscas no OPAC do Meiga para acceder dixitalmente á información dos nosos fondos) e impresos (libros de consulta, enciclopedias, dicionarios, xornais...) cos que conta a biblioteca, para que todo o alumnado da ESO e Bacharelato poida acceder a eses recursos bibliográficos e audiovisuais dunha forma áxil e eficiente.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Capacitar o alumnado para un uso autónomo da biblioteca escolar e, por extensión, doutras bibliotecas, mediante a formación de usuarios.
- Organizar visitas a outras bibliotecas (municipal e outras próximas).
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.
- Colaborar co Departamento de Orientación e coa Dirección para contar cun número de fondos bibliográficos básicos que permitan paliar as desigualdades socioeconómicas do noso contorno, así como fondos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.

5. AVALIACIÓN

A consecución dos obxectivos deste Plan Lector será valorada polo equipo da Biblioteca mediante os resultados de enquisas dirixidas a profesorado, pais/nais e alumnado que nos permitan coñecer a situación da lectura e da escritura no noso centro e adaptar o Plan Lector ás necesidades da nosa realidade educativa.

En función da avaliación realizada a finais de cada curso polo equipo responsable da Biblioteca, faranse propostas de modificación e mellora que se incorporarán ao principio do curso no Proxecto Lector e nas programacións dos Departamentos.

Algúns dos elementos que teremos en conta na nosa avaliación serán os seguintes.

Percibir un incremento nos hábitos lectores do alumnado a través de:

- Incremento das lecturas voluntarias.
- Enquisa ao alumnado a través das titorías.
- Observación dunha actitude positiva con respecto á lectura.
- Estatística de préstamos dende a Biblioteca do Centro.

Constatar a actitude, participación e seguimento do Proxecto Lector por parte do profesorado:

- Enquisa ao profesorado.
- Memorias dos departamentos.

- Participación en actividades de fomento da lectura.

Avaliar a organización e funcionamento da Biblioteca mediante unha memoria que recollerá os seguintes apartados:

- Participación en actividades de fomento da lectura.
- Oferta de fondos axeitados.
- Autonomía dos usuarios.
- O uso xeral da Biblioteca.

Avaliar a implicación e actitude doutros sectores da Comunidade Educativa neste Proxecto:

- Enquisas dirixidas aos pais/nais.
- Charlas cos pais/nais.

6. CADROS DE PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS

1. OBXECTIVO XERAL			
Fomentar o hábito lector mediante a integración de todas as actuacións referidas á lectura dos distintos departamentos didácticos e da biblioteca.			
ACTUACIÓNS	PERÍODOS/ ESPAZOS	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> • Integrar a lectura e a comprensión lectora na práctica docente dentro do Proxecto <i>Hora de ler</i>. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo semanal ou trimestral que cada materia en función do seu horario lectivo poida dedicar á lectura. • Aula ou biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado de cada materia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relación de lecturas tomadas do Plan Anual de Lectura (lecturas obrigatorias ou recomendadas). • Outras lecturas da biblioteca.
<ul style="list-style-type: none"> • Fomentar que o alumnado elixa as súas propias lecturas buscándoas na biblioteca. • Fomentar a lectura para investigar e elaborar un traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo semanal ou trimestral que cada materia en función do seu horario lectivo poida dedicar á lectura. • Biblioteca. • Lectura individual e silenciosa ou compartida e pública na biblioteca ou na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado de cada materia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relación de lecturas tomadas do Plan Anual de Lectura. • Lecturas da biblioteca. • Material de consulta da biblioteca.
<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar o proxecto <i>Hora de ler</i>, aproveitando espazos libres, finais de clase, horas de garda, recreos... 	<ul style="list-style-type: none"> • Gardas, finais ou inicios de clase...* • Sesións mensuais dos clubs de lectura na biblioteca ou nunha aula durante os 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado de garda. • Profesor/a de cada materia. • Profesorado dos clubs de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relación de lecturas tomadas do Plan Anual de Lectura. • BIBLIOcarpetas (textos e actividades sobre lectoescritura).

	recreos.		<ul style="list-style-type: none"> • Bibliotecas de aula. • Lecturas elixidas co alumnado para clubs de lectura.
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de animación á lectura da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Calendario de conmemoracións. • Celebración dun concurso de carácter literario por trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fondos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca. • Achegas de textos por parte de alumnado e profesorado.

*O Protocolo de gardas contempla que o profesorado de garda procurará contribuír ao desenvolvemento do Plan Lector de Centro levando á aula onde realiza a garda lecturas ou actividades referidas á lectura da sección *Hora de ler* da Biblioteca.

2. OBXECTIVO XERAL			
Favorecer a comprensión lectora e a expresión escrita.			
ACTUACIÓNS	PERÍODOS/ ESPAZOS	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> • Dentro do proxecto <i>Hora de ler</i> integrar actividades de expresión oral e escrita e de comprensión lectora na práctica docente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo semanal ou trimestral que cada materia en función do seu horario lectivo poida dedicar á lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesores/as de cada materia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relación de actividades elaboradas polos Departamentos recollidas na BIBLIOcarpeta. • Outros materiais dos departamentos.
<ul style="list-style-type: none"> • Promover estratexias de comprensión lectora e expresión escrita e oral realizando traballos de investigación e debates por equipos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo semanal ou trimestral que cada materia en función do seu horario lectivo poida dedicar á lectura. • Lectura compartida ou individual na biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesores/as de cada materia. • Equipo da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Uso das TIC. • Material de consulta da biblioteca.
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de animación á escritura e lectura colectiva da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Calendario de conmemoracións. • Celebración dun concurso de carácter literario por trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fondos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca. • Achegas de textos por parte do alumnado e do profesorado.

3. OBXECTIVO XERAL Educар no uso crítico e autónomo da información.			
ACTUACIÓNS	PERÍODOS/ ESPAZOS	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> Dentro do proxecto <i>Hora de ler</i> integrar actividades de investigación e realización de traballos temáticos na práctica docente. 	<ul style="list-style-type: none"> Tempo semanal ou trimestral que cada materia en función do seu horario lectivo poida dedicar á lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> Profesores/as de cada materia. 	<ul style="list-style-type: none"> Uso das TIC. Consulta do material da biblioteca.
<ul style="list-style-type: none"> Fomentar a análise crítica de textos xornalísticos, mediante o uso da prensa impresa ou dixital na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Tempo semanal ou trimestral que cada materia en función do seu horario lectivo poida dedicar á lectura. Lectura compartida e comentario de noticias na biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Profesores/as de cada materia. 	<ul style="list-style-type: none"> Uso das TIC. Edición <i>La Voz de la Escuela</i>. Revistas temáticas da biblioteca. Material xornalístico da biblioteca.
<ul style="list-style-type: none"> Actividades de animación á investigación da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Calendario de conmemoracións. Celebración dun concurso de traballos temáticos anual. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Fondos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca. Obras de consulta da biblioteca. Consulta na internet.

4. OBXECTIVO XERAL Incorporar e utilizar a Biblioteca Escolar como un recurso imprescindible e un factor de compensación social.			
ACTUACIÓNS	PERÍODOS/ ESPAZOS	PERSOAS ENCARGADAS	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> Dentro do proxecto <i>Hora de Ler</i> crear un espazo diferenciado na biblioteca co material do Plan Anual de Lectura ordenado por cursos, e onde se atopen as BIBLIOcarpetas cos textos e actividades que usarán no proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> Horas de garda do profesorado do equipo da biblioteca. Biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Material recomendado polos departamentos para elaborar o Plan Anual de Lectura. Material das BIBLIOcarpetas.
<ul style="list-style-type: none"> Actividades de formación de usuarios (colocación 	<ul style="list-style-type: none"> Unha sesión a comezos de curso na biblioteca para 1º 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Fondos bibliográficos e audiovisuais da



e busca de fondos pola CDU, consultas no OPAC do Meiga, actividades para localizar información).	ESO. <ul style="list-style-type: none">• Horas de titoría.		biblioteca. <ul style="list-style-type: none">• Obras de consulta da biblioteca.• Consultas do OPAC.
<ul style="list-style-type: none">• Presentación en <i>power point</i> sobre as partes dun libro e a información que ofrecen.	<ul style="list-style-type: none">• Primeiro trimestre.• Proxeccións na biblioteca.	<ul style="list-style-type: none">• Titores/as.• Profesorado do grupo.	
<ul style="list-style-type: none">• Presentación en <i>power point</i> sobre os diferentes tipos de documentos para buscar información.	<ul style="list-style-type: none">• Primeiro trimestre.• Proxeccións na biblioteca.	<ul style="list-style-type: none">• Titores/as.• Profesorado do grupo.	